



Concello de Campo Lameiro

I CONCURSO DE POSTAIS, DE DECORACIÓN INTERIOR E EXTERIOR DE VIVENDAS, DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES DE COMERCIOS, E DE FELICITACIÓNS DE NADAL E ANINOVO.

BASES DO I CONCURSO DE POSTAIS, DE DECORACIÓN INTERIOR E EXTERIOR DE VIVENDAS DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES DE COMERCIOS, E DE FELICITACIÓNS DE NADAL E ANINOVO.

1. OBXECTIVO

O concello de Campo Lameiro a través das concellerías de Festas, Cultura e Comercio convoca o I concurso de Postais, de decoración interior e exterior de vivendas, de decoración de escaparates comerciais de Nadal do municipio co obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento do municipio, facendo cómplices a comerciantes e veciñanza da imaxe de Campo Lameiro, implicar ós mais cativos no dibuxo da postal de nadal que a gañadora será a postal oficial de felicitación do Concello, así como a toda a veciñanza a enviar a súa felicitación para as festas de nadal e para a saída e entrada do aninovo.

Mediante este concurso preténdese promover a creatividade e o bo humor no Nadal, así como fomentas o aspecto artístico e carácter tradicional.

Para promover o interese e a participación, e para un maior realce do concurso, o Concello concederá premios económicos aos participantes que resulten gañadores para apoiar comercio local, e un maletín de debuxo ó gañad@r da postal.

O Concello de Campo Lameiro reserva o dereito a cancelar ou suspender os concursos, ou cambiar algunhas das súas condicións se por razón técnicas ou de calquera outra natureza fóra do seu control, non puidese cumprir o desenvolvemento normal do mesmo como se establece nestas bases.

O procedemento de concesión destes premios tramitarase en réximen de concorrencia competitiva.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso de Decoración interior, decoración exterior e decoración comerciais e por tanto, poderán ser beneficiarios nos termos establecidos nestas bases: vivendas, comercios ou negocios que estean ubicados no termo municipal de Campo Lameiro. Empadroados e maiores de 18 anos.

Poderán participar no concurso de Postais de nadal todos os cativos ata 14 anos empadroados no concello.

Así mesmo poderán participar no concurso de Felicitación de Nadal e Despedida do ano 2020 e entrada no Aninovo en vídeo todos os empadroados no concello sin límite de idade.

Para poder participar será necesario enviar a foto, debuxo ou vídeo ó correo electrónico info@campolameiro.com, nas datas que se establecen nas categorías. As/os concursantes ceden os dereitos de imaxe das súas fotografías, debuxos e vídeos para que o Concello de Campo Lameiro poida utilizalas en calquera medio de comunicación, exposición ou promoción municipal.





Concello de Campo Lameiro

3. CATEGORÍAS E MODALIDADES

Establécense seis categorías:

- **CONCURSO “ RECUNCHO DE NADAL “**

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto a mellor decoración interior dunespazo da vivenda decorado con motivos de Nadal. Poderán participar todos os empadroados/as no concello que sean maiores de 18 anos. Para participar terán que enviar una foto ó correo electrónico info@campolameiro.com co Asunto: Recuncho de Nadal e no corpo do correo indicar o nome, apelidos, domicilio e teléfono da persoa concursante. So se admitirá 1 foto por persoa empadroadada. O prazo para participar no concurso será dende o 24 de novembro ata o 20 de decembro. **O participante recibirá un correo confirmando a súa participación no concurso.**

- **CONCURSO “ UN NADAL PARA SOÑAR”**

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto a mellor decoración exterior das vivendas e xardíns de modo que esta decoración sea totalmente visible dende a vía pública. Poderán participar todos os empadroados/as no concello que sean maiores de 18 anos. Para participar terán que enviar una foto ó correo electrónico info@campolameiro.com co Asunto: Un nadal para Soñar e no corpo do correo indicar o nome, apelidos, domicilio e teléfono da persoa concursante. So se admitirá 1 foto por persoa empadroadada. O prazo para participar no concurso será dende o 24 de novembro ata o 20 de decembro. **O participante recibirá un correo confirmando a súa participación no concurso.**

- **CONCURSO “ DECORACIÓN ESCAPARATES DO COMERCIO LOCAL”**

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto ó mellor escaparate e interior do establecemento participante. O establecemento participante deberá decorar o seu escaparate e interior co ambiente propio de nadal. Poderán participar todos os comercios e/ou negocios ubicados no termo municipal. Para participar terán que enviar una foto ó correo electrónico info@campolameiro.com co Asunto: Decoración de Escaparates do comercio local e no corpo do correo indicar o nome do establecemento e representante así como un teléfono de contacto. So se admitirá 1 foto por establecemento. O prazo para participar no concurso será dende o 24 de novembro ata o 20 de decembro. **O participante recibirá un correo confirmando a súa participación no concurso.**

- **CONCURSO DE POSTAIS**

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto a orixinalidade, creatividade, deseño do debuxo de nadal. O debuxogañador será empregado para a postal oficial de felicitación do concello. Poderán participar todos os cativos ata 14 anos empadroados no concello. Terán que enviar o debuxo entre o 24 de novembro e ata o 6 de decembro(inclusive) os debuxos ó correo electrónico info@campolameiro.com co Asunto: Concurso de Postais e no corpo do correo indicar o nome, apelidos, domicilio da persoa concursante e un teléfono do pai, nai ou titor do menor. So se admitirá 1 foto por nen@ empadroadado. **O participante recibirá un correo confirmando a súa participación no concurso.**

- **CONCURSO “ FELICITACION DE NADAL EN VIDEO”**

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto a orixinalidade e o bo humor. A duración do vídeo non pode ser maior de 60 segundos e o formato é obrigatorio en horizontal. Poderán participar todos os empadroados/as no concello sin límite de idade. Para participar





Concello de Campo Lameiro

terán que enviar un vídeo ó correo electrónico info@campolameiro.com co Asunto: Felicitación de nadal e no corpo do correo indicar o nome, apelidos, domicilio e teléfono da persoa concursante. So se admitirá 1 vídeo por persoa empadroadada. O prazo para participar no concurso será dende o 24 de novembro ata o 20 de decembro. **O participante recibirá un correo confirmando a súa participación no concurso.**

• CONCURSO “ DESPEDIDA DO ANO 2020 E ENTRADA NO ANINOVO ”

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto a orixinalidade e o bo humor. A duración do vídeo non pode ser maior de 60 segundos e o formato é obrigatorio en horizontal facendounha despedida do 2020 e unhabenvidaao 2021.

Poderán participar todos os empadroados/as no concello sin límite de idade. Para participar terán que enviar un vídeo ó correo electrónico info@campolameiro.com co Asunto: Despedida do ano 2020 e entrada no aninovo e no corpo do correo indicar o nome, apelidos, domicilio e teléfono da persoa concursante. So se admitirá 1 vídeo por persoa empadroadada. O prazo para participar no concurso será dende o 24 de novembro ata o 27 de decembro. **O participante recibirá un correo confirmando a súa participación no concurso.**

4. MONTAXE

A temática para a decoración será de Nadal, así como a composición de elementos, a proposta de ornamentación das fachadas, entradas, ventás, casas, árbores, etc... dos participantes.

Os elementos decorativos situaranse sobre as fachadas, balcóns, ventás, xardíns, escaparates, interiores, sen causar ningún tipo de perigo nin perxuízo para as persoas e os bens, e sen ocupar as vías de circulación.

5. OBRIGATORIEDADE E RESPONSABILIDADE

Os participantes deberán aportar nas datas mencionadas nas distintas categorías unha foto onde se poida visualizar a decoración realizada, un debuxo con temática de nadal, e os vídeos coas felicitacións de nadal e despedida do 2020 e entrada do aninovo. A achega das fotografías, debuxos e vídeos realizarase á conta de correo electrónico info@campolameiro.com cos datos mencionados nas distintas categorías.

6. PREMIOS

Destínase un crédito de 1.000 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 330,22609 do orzamento de gastos do ano 2020 para a concesión de premios ós participantes no I concurso de Postais, de Decoración interior e exterior de vivendas, de decoración de escaparates de comercios locais, e de felicitacións de nadal e aninovo.

Establécese os seguintes premios por categoría e modalidade:

1º - CONCURSO RECUNCHO DE NADAL

- 1º PREMIO: Vale de 100 euros para canxear no comercio local.
- 2º PREMIO: Vale de 75 euros para canxear no comercio local.
- 3º PREMIO: Vale de 50 euros para canxear no comercio local.

2º - CONCURSO UN NADAL PARA SOÑAR

- 1º PREMIO: Vale de 100 euros para canxear no comercio local.
- 2º PREMIO: Vale de 75 euros para canxear no comercio local.
- 3º PREMIO: Vale de 50 euros para canxear no comercio local.





Concello de Campo Lameiro

3º - CONCURSO “ DECORACION ESCAPARATES DE NADAL “

- UNICO PREMIO: Vale de 100 euros para canxear no comercio local.

4º - CONCURSO DE POSTAIS

- O gañador levará un maletín de cores.
- Unha bolsa de gominolas para cada participante.

5º - CONCURSO FELICITACION DE NADAL

- 1º PREMIO: Vale de 100 euros para canxear no comercio local.
- 2º PREMIO: Vale de 75 euros para canxear no comercio local.
- 3º PREMIO: Vale de 50 euros para canxear no comercio local.

6º - CONCURSO DESPEDIDA DO ANO 2020 E ENTRADA NO ANINOVO

- 1º PREMIO: Vale de 100 euros para canxear no comercio local.
- 2º PREMIO: Vale de 75 euros para canxear no comercio local.
- 3º PREMIO: Vale de 50 euros para canxear no comercio local.

7. XURADO

O Xurado do concurso estará composto por:

1. Presidencia: Alcalde do Concello de Campo Lameiro.
2. Concelleira de Comercio.
3. **1 traballador/a do Concello.**
4. **2 Representantes de Asociacións veciñais culturais e/ou de comercio do Concello.**

8. NOTIFICACION AOS PREMIADOS E PARTICIPANTES

Para os efectos da práctica da notificación do resultado da valoración aos premiados, participantes e demais interesados, realizarase mediante publicación dos premiados o día 24 de decembro de 2020 no discurso de nadal de Papa Noel que se publicará no Facebook do concello así como na web municipal do Concello.

9. EMISIÓN E PAGO DOS BONOS

O Concello emitirá os bonos de compra ás persoas premiadas. As persoas beneficiarias dos bonos poderán solicitar una fragmentación da contía total en bonos de cantidades inferiores, sempre en cifras redondeadas e nunca inferiores a 25 euros.

As entidades facturaran ao Concello, previa xustificación, os importes equivalente á contía de gasto dos bonos canxeados, da maneira e periodicidade que estimen oportuna pero con data de finalización do proceso a **10 de xaneiro de 2021.**

Campo Lameiro a 23 de Novembro de 2020

